

**Resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado: "Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: Mellora seguridade viaria (MSV) na contorna de treito de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-551. P.Q. 16+200 a 17+200", de clave: PO/18/141.06.**

#### ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro. No *DOG* núm. 24, do 5 de febreiro de 2021, publicouse o Anuncio do 22 de xaneiro de 2021 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado: "Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: Mellora seguridade viaria (MSV) na contorna de treito de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-551. P.Q. 16+200 a 17+200", de clave: PO/18/141.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo citado proxecto, para os efectos do previsto no artigo 56.1 do Regulamento da lei de expropiación forzosa, aprobado polo Decreto de 26 de abril de 1957.

Segundo. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes, e no trámite de información pública formuláronse alegacións polas persoas interesadas. A todas elas déuselles resposta motivada, segundo figura no informe que consta no expediente, que lle foi notificado ás administracións ás que se lles deu trámite de informe e aos particulares que presentaron alegacións.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, así como aprobar definitivamente os estudos informativos ou, de ser o caso, os anteproxectos ou proxectos que asuman a súa función segundo o previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (*DOG* n.º 179, do 20 de setembro).



Segundo.- O artigo 21.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece que transcorridos os prazos dos trámites de información pública e informe das administracións afectadas e recibidas as alegacións e informes presentados, darase resposta motivada ás alegacións formuladas. O informe resultante poñerase á disposición das persoas interesadas e notificaráselles ás administracións ás que se lles dese trámite de informe e aos particulares que presentasen alegacións. Finalmente, resolverase tamén sobre a aprobación do expediente de información pública.

Logo de revisados os informes emitidos e as alegacións formuladas, procede introducir as seguintes modificacións relativas ao trazado sometido á información pública:

- No que respecta a parcela con referencia catastral 36008A04500985, unha vez comprobada a existencia dunha escaleira na servidume de paso, que se verá afectada polas actuacións proxectadas, procederase a reposición da mesma. Este cambio incluírase no Proxecto de Construción.
- En relación a parcela de referencia catastral 36008A04600254, modificarase no anexo de expropiacións do Proxecto de Construción a superficie e a relación de bens afectados. Neste sentido, cómpre destacar que, para dar cumprimento á Resolución de Autorización das obras outorgada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que recomenda a reconstrución do muro tradicional existente na intersección coa rúa Granxa-Ximeu (en alusión ao muro da finca con referencia catastral 36008A04500985) na nova aliñación e mantendo as súas características formais e construtivas, incluírase especificamente a valoración da retirada e reposición do muro na nova localización na relación de bens afectados.

Desestímense as demais alegacións e modificacións propostas, de acordo coas xustificacións e fundamentos que constan no expediente de información pública.

Terceiro.- O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da administración



promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste.

No seu apartado 5, o mesmo artigo indica que a aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados así como para a traza de planta do proxecto e as modificacións desta que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes.

No punto 6 do mesmo artigo 22 indícase que "logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos nesta lei serán efectivas respecto dos terreos que afecte a actuación correspondente".

Cuarto.- De acordo co que establece o artigo 23 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño os estudos e proxectos sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio, e as determinacións que neles se conteñen terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente, sen prexuízo de que as entidades locais nas que se asenten as infraestruturas obxecto do proxecto deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto.

O presente proxecto contén as determinacións do planeamento do Concello de Cangas que, na súa primeira modificación ou revisión, deben ser modificadas como consecuencia desta aprobación.

De acordo con todo o exposto,



## RESOLVO

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública do proxecto de trazado: "Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: Mellora seguridade viaria (MSV) na contorna de treito de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-551. P.Q. 16+200 a 17+200", de clave: PO/18/141.06, coas modificacións relativas ao trazado sometido á información pública que se indican no fundamento de dereito segundo.

Segundo. Aprobar o proxecto de trazado: "Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: Mellora seguridade viaria (MSV) na contorna de treito de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-551. P.Q. 16+200 a 17+200", de clave: PO/18/141.06, nos termos indicados no apartado anterior.

Terceiro. O Concello de Cangas deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, na súa primeira modificación ou revisión.

Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa>>.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A Conselleira de Infraestructuras e Mobilidade

Por delegación, Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017

O director da Axencia Galega de Infraestructuras

Francisco Menéndez Iglesias

*(asinado dixitalmente)*

